



RESOLUCION DA ALCALDIA

Visto que en maio de 2021 foron aprobados os Orzamentos municipais nos que se consignaba a cantidade de 2500 euros para o outorgamento da concesión de subvencións de maneira directa figurando expresamente na Base 33 das de execución do orzamento a prevista para a Asociación Deportiva Rio Ouro para gastos tempada 2021, cunha consignación orzamentaria inicial de 2500 euros.

En data 22 de decembro de 2021 n.º RE 633, se presenta por María Pilar Fernández Rey, en representación da asociación, solicitude de subvención nominativa para levar a cabo o proxecto referido por importe de 2500 euros, no que se contempla a xa realizada tempada 2021, solicitando axuda concretamente para os costes de transporte (desprazamento en autobuses).

Emitiuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións.

Coa data de hoxe realizouse a retención de crédito oportuna, figurando informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos, así como informe de fiscalización favorable, coa seguinte observación: *“Dáse a circunstancia de que a subvención concedida polo Concello de O Valadouro cubre os seguintes gastos: gastos federativos, mutualidades e arbitraxes ata un importe de 1500 euros anualidades 2020 e 2021 (na Memoria de gastos para o ano 2021 serían 1.000 euros), Material e vestimento deportivo anualidades 2020 e 2021, ata 6.000 euros (na memoria de gastos no 2021 serían 6.604 euros) **e transporte e outros ,500 euros,** e todo isto referido ás anualidades 2020 e 2021 no caso do Concello de O Valadouro.*

Se teñe solicitado a ambos concellos, Valadouro e Alfoz, subvención para os costes de transporte da tempada 21 (concello de Alfoz) e 2020 e 2021 (Concello de Valadouro), POLO QUE DE CONCEDERSE A PRESENTE SUBVENCIÓN DEBE INFORMARSE AO CONCELLO DE O VALADOURO DA SUA CONCORRENCIA.”

Considérase que o expediente 456/2021 seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do réxime local e artigo 62 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVIN:

PRIMEIRO. Conceder a Asociación Deportiva Rio Ouro, provisto de CIF G-27511195 subvención nominativa por importe de 2.500,00 euros polo proxecto:





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

gastos tempada 2021(TRANSPORTE).

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 2.500,00 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación , da que existe documento de Retención de Crédito RC 3405 expedido por Intervención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO.- Dése conta da presente á Base Nacional de Datos de Subvencións.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

Asdo. Jorge Val Díaz.

